

Anuncio do 30 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 1 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de frauta travesa (594410) e tuba (594429).

Publicada a lista provisional e resoltas as reclamacións, procede publicar o baremo definitivo e a relación definitiva de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos departamentos territoriais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es> profesorado/interinos-substitutos) as puntuacións definitivas e a relación de excluídos definitivamente do baremo para prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de frauta travesa (594410) e tuba (594429).

Segundo.-Declarar excluídos definitivamente os aspirantes que figuran no anexo deste anuncio, polas causas que se indican.

Terceiro.-Contra estas puntuacións definitivas poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO

Apelidos e nome	Especialidade	DNI	Causa
Cano Carteret, Oliver	Frauta travesa	32699717-L	1
Magdalena Cuesta, Alicia	Frauta travesa	53555434-A	3
Sargsyan, Arsen	Tuba	X4327751-W	2

Causas exclusión:

1. Non presentou titulación.
2. Non ter nacionalidade española nin ser membro da CEE.
3. Fóra de prazo.

Anuncio do 30 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de organización e proxectos de sistemas enerxéticos (590113); no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidades de cociña e pastelería (591201), instalación e mantemento de equipamentos térmicos e fluídos (591205) e operacións e equipamentos de produción agraria (591216); e no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de contrabaixo (594406) e linguaxe musical (594460).

Primeiro.

Comunícase que está aberto o prazo para posibles interinidades ou substitucións para:

1. Corpo de profesores de ensino secundario.

Código	Especialidade	Titulacións
113	Organización e proxectos de sistemas enerxéticos	Enxeñaría técnica: -Industrial, en todas as súas especialidades. -Minas, en todas as súas especialidades. -Aeronáutica, en todas as súas especialidades. -Naval, en todas as súas especialidades. -Agrícola, en todas as súas especialidades. -Obras públicas, en todas as súas especialidades. -De telecomunicacións, en todas as súas especialidades. -Química, en todas as súas especialidades. -Diplomatura en máquinas navais. -Todas as titulacións superiores das anteriormente citadas. -Licenciatura en físicas. -Enxeñaría en automática e electrónica industrial. -Enxeñaría en organización industrial.

2. Corpo de profesores técnicos de formación profesional.

Código	Especialidade	Titulacións
201	Cociña e pastelería	Técnico/a especialista en hostalaría. Técnico/a superior en restauración.
205	Instalación e mantemento de equipamentos térmicos e fluídos	Enxeñaría técnica: -Industrial, en todas as súas especialidades. -Minas, en todas as súas especialidades. -Aeronáutica, en todas as súas especialidades. -Naval, en todas as súas especialidades. -Agrícola, en todas as súas especialidades. -Obras públicas, en todas as súas especialidades. -De telecomunicacións, en todas as súas especialidades. -Química, en todas as súas especialidades. -Diplomatura en máquinas navais. -Todas as titulacións superiores das anteriormente citadas. -Licenciatura en físicas. -Enxeñaría en automática e electrónica industrial. -Enxeñaría en organización industrial.
216	Operacións e equipamentos de produción agraria	Enxeñaría: -Agrónoma. -De montes. Enxeñaría técnica: -Agrícola, en todas as súas especialidades. -Forestal, en todas as súas especialidades